

|            |                                                                                                                     |
|------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Expediente | 2026034792                                                                                                          |
| Asunto     | REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA |
| Trámite    | Informe de Secretaría.                                                                                              |

En data 25.06.2026 solicítase informe por parte do Servizo Benestar Social desta Secretaría respecto do expediente coa referencia arriba sinalada.

Procede a súa emisión tendo en conta o disposto no art. 3.3d) do Relo decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional.

#### **ANTECEDENTES:**

O expediente do que se solicita informe consta de:

- Regulamento de Organización e Funcionamento (ROF) vixente.
- ROF modificado.
- Informe proposta do Servizo Centro Príncipe Felipe (CPF) e do Deputado delegado de data 25.06.2026.
- Oficio polo que se solicita a emisión do presente informe.

#### **FUNDAMENTOS:**

##### **1. Natureza e potestade que se exerce.**

O exercicio da potestade regulamentaria por parte das entidades locais contéplase expresamente no art. 4.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante LBRL), así como no art. 6.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) e no art. 128 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC en adiante). Dita potestade, como a normativa citada sinala, exercerase no ámbito das súas competencias.

De acordo cos datos que se recollen no expediente, a Deputación de Pontevedra presta no CPF servizos relacionados co benestar social e a educación con anterioridade á entrada en vigor da Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local.

No ámbito competencial, os artigos 49 e 50 da CE, establecen que poderes públicos teñen a obriga de atender a aquelas persoas en situación de discapacidade así como a promoción do benestar social mediante un sistema de servizos sociais para a cidadanía. Partindo disto, os artigos 27.23 e 27.24 do Estatuto de Autonomía de Galicia atribúenlle a competencia en exclusiva á Comunidade Autónoma de Galicia en asistencia social e promoción do desenvolvemento comunitario. Neste sentido, o Consello Consultivo de Galicia no seu ditame 644 do 08.08.2016 sinalou que:

*“No que toca ao alcance e ámbito da citada competencia autonómica, como espazo de actuación propio das comunidades autónomas cabe recordar que se pronunciou o TC nas súas sentenzas 76/1986 e 239/2002. Así na última, o TC dixo que: “así mesmo, debe recordarse que en relación coa noción de asistencia social declaramos que non está*



*precisada no texto constitucional, polo que se entenderá remitida a conceptos elaborados no plano da lexislación xeral, que non deixaron de ser tidos en conta polo constituínte. Da lexislación vixente dedúcese a existencia dunha asistencia social externa ao sistema de seguridade social e non integrada nel, á que se entenderá feita a remisión contida no artigo 148.1.20 da CE e, polo tanto, competencia posible das comunidades autónomas (...). Esta asistencia social aparece como un mecanismo protector de situacións de necesidade específicas, sentidas polos grupos de poboación aos que non alcanza aquel sistema e que opera mediante técnicas distintas das propias da Seguridade Social...”*

Ao anteriormente exposto, temos que engadirlle o sinalado pola normativa sectorial galega, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que sinalan que as deputacións deben de prestar asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente aos de menos de 20.000 habitantes e sinalando que os servizos sociais como aqueles destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social da cidadanía co obxectivo de facilitar recursos e itinerarios de integración social a quen se atopa en risco de exclusión social.

No ámbito da educación, e en relación co primeiro ciclo da Educación Infantil (de cero a tres anos), o art. 15.1 da Lei Orgánica de Educación fai referencia expresa á celebración de convenios coas corporacións locais, co obxectivo de incrementar progresivamente a oferta de prazas públicas para atender todas as solicitudes de escolarización da poboación infantil desa idade. Para entender esta previsión, debe terse en conta que o primeiro ciclo da Educación Infantil non se adoita incluír nos centros que imparten os demais niveis educativos e que cumpre unha función predominante de recurso para a conciliación da vida familiar coa laboral. Isto convérteo nun servizo á vez social e educativo, e aínda que a Lei 27/2013 reduciu o ámbito dos servizos sociais como materia de interese municipal á «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*» a Lei 13/2008 segue vixente.

Por outra banda, a Deputación exerce as competencias de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións públicas, que se atopan reguladas nos art. 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local español e 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Neste ámbito, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, sinala no seu art. 3 que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que foran distintas das atribuídas como propias poderase exercitar de xeito supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira evitando a execución simultánea do mesmo servizo por outra administración. É dicir, *unha administración, unha competencia*. A isto, hai que engadirlle que a D. Ad. 4ª da mesma norma, establece que aquelas entidades locais que viñan asumindo con anterioridade á Lei 27/2013 competencias en materia de educación, saúde e servizos sociais, poderán seguir exercéndoas en tanto non e conte cun novo sistema de financiamento autonómico. Tal parece o caso, xa que o servizo vén prestándose desde o 2013 sen que se formularan advertencias ao respecto.



## **2. Procedemento e órgano competente.**

### **a) Procedemento xeral.**

No que atinxe ao primeiro destes puntos é obrigado analizar que preceptos da LPAC son aplicables ás Entidades Locais logo da STC 55/2018. Partindo do seu FD 7c) e da doutrina examinada enténdese: o carácter potestativo da planificación normativa anual que enuncia o art. 132 da LPAC; e a aplicabilidade dos arts. 129 e 130, e o primeiro inciso do apartado 1 e o primeiro parágrafo do apartado cuarto do art. 133.

Considerando o anterior e segundo os preceptos que se citan, a aprobación do Regulamento que nos ocupa require dos seguintes trámites:

1.- Plan normativo anual. Pese a entender que, en razón ao exposto, a súa redacción sería potestativa, aconséllase a súa redacción ao existir opinións en sentido contrario.

No plan anual normativo si que deben incluírse as ordenanzas que se pretenden derrogar ou modificar, pois o seu contido vai referido a aquelas propostas normativas que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte, e a derogación ou modificación dunha ordenanza ou regulamento existente constitúe unha proposta normativa tamén neste sentido.

2.- Consulta previa segundo o art. 133.1 da LPAC, salvo que concorran razóns que a fagan innecesaria, entendendo que como tales poderían considerarse as do art. 133.4, aplicando directamente o seu parágrafo 1º, e o 2º por supletoriedade ou analoxía.

A obriga de substanciar a consulta pública subsiste, debendo terse en conta que, en tanto non sexa obxecto de recheo o baleiro normativo operado polo Tribunal Constitucional, a través do exercicio das súas respectivas competencias polas diferentes Comunidades Autónomas, no ámbito local, os aspectos do art. 133 LPACA declarados “non básicos”, seguen vixentes baixo a cláusula de supletoriedade do art. 149.3 CE, sendo así que a obriga de substanciar unha consulta pública con carácter previo ao exercicio da potestade regulamentaria local, pode decaer cando nos atopemos en presenza dun regulamento de carácter organizativo, por tratarse dunha as excepcións que permiten prescindir da devandita consulta.

Así no ámbito local, o regulamento orgánico constitúe unha das principais manifestacións da potestade de autoorganización expresamente recoñecida no artigo 4 LBRL, cunha proxección “ad intra” da respectiva Corporación, a través de cuxo exercicio pode ordenar aquelas cuestións que presenten peculiaridades, especialmente no que respecta á organización e funcionamento propio (entre outras, a STS de 8 de abril de 1987), aínda que, dita potestade non se exerce no baleiro normativo, de forma que mesmo gozando dunha marxe máis ampla de discrecionalidade que outras potestades administrativas non cabe descoñecer que a mesma, atópase, sometida a aquelas normas xurídicas que en cada suposto directamente a regulan (STS do 7 abril de 2022).

Sobre isto, convén tamén ter en conta os últimos pronunciamentos xurisprudenciais ao respecto, tales como a STS núm. 133/2023, do 06.02.2023 que exclúe a consulta previa na elaboración dos instrumentos de ordenación urbanística e a STS de 31.01.2023 que se pronuncia nos mesmos termos ao respecto da consulta públicas previa no procedemento de elaboración e aprobación das ordenanzas fiscais.

3.- Elaboración da Memoria de análise do impacto normativo, ou xustificativa da ordenación que se propón.

Se ben é discutible a esixencia desta Memoria respecto das EELL, son de considerar o



deber xenérico de motivación e interdicción da arbitrariedade, principios de boa regulación, e mesmo o art. 7 d) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTBG en adiante). Necesariamente trataríanse as suxestións ou observacións que se puideran ter presentado na consulta previa. Así mesmo, e segundo as circunstancias propias da norma, podería engadir a avaliación da normativa provincial vixente e a súa adaptación aos principios do art. 129 (ex art. 130 da LPAC).

Esta memoria incluíría o informe do impacto por razón de xénero, nos casos de ordenacións de especial relevancia económica, social, cultural e artística (art. 19 da LO 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes), considerando a súa innecesariedade cando tal incidencia non existe.

4.- Informe de impacto na normativa de familia. A D. Ad 10ª da Lei 40/2003, de protección de familias numerosas, establece a obrigaón de que as memorias da análise de impacto normativo que deben acompañar aos anteproxectos de lei e aos proxectos de regulamentos inclúan o impacto da normativa na familia. Esta disposición é de carácter básico, ata o punto de que a STS do 22 de marzo de 2018 anulou unha orde ministerial por ausencia deste informe.

5.- Memoria ex art. 7 da LO 2/2012, de 27 de abril, respecto das súas repercusións, efectos e cumprimento dos principios de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

6.- Elaboración do texto coas modificacións do regulamento proposto polo servizo xestor. No seu preámbulo habería constar a xustificación da adecuación aos principios enunciados no art. 129.1 da LPAC, debendo efectuarse a oportuna remisión á memoria de análise do impacto, de terse elaborado.

7.- Informe do Servizo de Benestar Social, dada a especializada e coñecemento da materia que se pretende regular.

8.- Informe de Secretaría, en virtude do referido art. 3.3 d) 1º do RD 128/2018.

9.- Informe proposta de acordo polo servizo xestor e o/a deputado/a delegada.

10.- Informe de Intervención, en virtude do 4 do RD 128/2018, de ter o instrumento transcendencia económico-financieira ou presupostaria.

11.- Ditame pola Comisión Informativa competente.

12.- Acordo de aprobación inicial polo Pleno da Deputación [arts. 33.2 b) e 49 da LBRL], que non esixe de maioría absoluta do seu número legal de membros ao non tratarse dun Regulamento Orgánico (art. 47.2 f LBRL), senón da xestión e organización dun servizo da Deputación.

13.- Información pública e audiencia aos interesados por un prazo mínimo de 30 días (art. 49 da LBRL), que ao non especificarse haberán estimarse hábiles (art. 30.2 da LPAC).

Os anuncios de exposición pública efectuaranse no BOP por disposición do art. 45.3 da LPAC. Así mesmo, segundo o art. 7 (en relación co 5.4) da LTBG, haberán de publicarse na web ou sede electrónica *“os proxectos de regulamentos ou iniciativas normativas, na súa fase de exposición pública, máis as súas memorias e informes.”*

Isto implica que nos anuncios no BOP debería facerse remisión ao lugar da sede electrónica ou web no que se encontra a disposición de calquera interesado a referida



documentación. Por este motivo, o primeiro anuncio sería o da propia web ou sede electrónica.

Aínda que o Tribunal Supremo, xeralmente para o caso de regulamentos de carácter estatal, así a Sentenza de 14.02.2023, teña establecido a doutrina de que o preceptivo trámite de audiencia só é tal para as entidades que por lei ostenten a representación e defensa dos intereses de carácter xeral ou corporativo afectados pola disposición, non reunindo o requisito todo tipo de asociacións, algunha lexislación de carácter autonómico sobre réxime local determina que debe darse audiencia previa a determinadas organizacións. É o caso das asociacións veciñais e de defensa dos consumidores e usuarios no ámbito territorial respectivo, que se atopen debidamente inscritas nos rexistro públicos habilitados para elo, sempre que garden relación directa co obxecto da disposición que se pretende aprobar.

Co fin de facer máis efectivo o dereito do art. 105 a) da CE propónse que o trámite de información pública se comunique ás posibles organizacións ou asociacións representativas de intereses xerais que puideran resultar afectadas e que no presente caso se trataría das entidades que representan e defenden os dereitos dos proxenitores en relación coa educación dos seus fillos.

En todo caso, os documentos sometidos a información pública omitirán os datos de carácter persoal que puideran constar no expediente e non ser susceptibles de publicación (de ser o caso).

Así mesmo, propónse que se faga constar que a falta de presentación de alegacións en prazo suporá que o instrumento aprobado provisionalmente se considerará definitivamente adoptado.

14.- Aprobación definitiva polo Pleno de presentarse alegacións ou suxestións, logo dos informes que se estimen necesarios, entre os que figuraría o de Secretaría, e pase pola correspondente Comisión Informativa. De non presentarse e como se sinalou, o acordo entenderase elevado a definitivo.

15.- Aprobada definitivamente, a ordenanza publicarase integramente no BOP, sen que entre en vigor ata que teña lugar dita publicación e transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da LBRL (ex art. 70.2 da mesma lei). Por razóns de seguridade xurídica podería procederse á publicación transcorrido o prazo anterior, de tal forma que a ordenanza entraría en vigor o día seguinte ao da súa publicación; ou ben sinalar cando transcorre en concreto o prazo precisado ex art. 65.2, o que implica a remisión, pois, do acordo con anterioridade á publicación.

Así mesmo, segundo os xa referidos art. 7 (en relación co 5.4) da LTBG, e 129.5 da Lei 39/2015, procederase á publicación do seu texto na sede electrónica ou web nos termos de claridade, accesibilidade e reutilización enunciado nos devanditos preceptos.

De terse presentado alegacións, o acordo de aprobación definitiva, en principio e sen prexuízo de estudo segundo os casos, habería para maior seguridade xurídica ser notificado aos alegantes.

#### **b) Respecto do expediente remitido.**

No informe do Servizo de Benestar Social prevénse os obxectivos da modificación do ROF sinalando que se considera o instrumento máis adecuado para acadar os fins perseguidos. Enténdese que a modificación do Regulamento proposto contén a regulación imprescindible para atender os obxectivos que se pretenden e acadar



mellores niveis de eficiencia na xestión dos recursos públicos e atendendo aos principios de boa regulación enumerados no art. 129 da LPAC, respondendo aos obxectivos de interese xeral da Deputación, evitando cargas administrativas innecesarias ou accesorias, ser coherente co resto do ordenamento xurídico e racionalizar os recursos públicos.

Por outra banda e tendo en conta o disposto no art. 7.3 da LO 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, cando regula o principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, as disposicións regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, deben de valorarse as repercusións, os seus efectos e supeditarse ao cumprimento da mesma.

En todo caso, trátase dun extremo cuxa apreciación se entende preferente pola Intervención.

### **3. Contido.**

Non se efectuará unha análise técnica deste Regulamento por razóns obvias de especialización, de tal forma que as observacións que se efectúan parten do anteriormente dito e da aplicación sen máis da normativa xeral.

Deste xeito, incorpóranse elementos normativos que son de aplicación na materia e que entraron en vigor con posterioridade á entrada en vigor do ROF (BOPPO núm. 77 do 19.04.2024). Por outra banda, e tendo en conta a vixencia do actual ROF, fanse melloras e concrétanse aspectos considerando a aplicación práctica do mesmo.

### **CONCLUSIÓN:**

- A tramitación da modificación do presente Regulamento deberá axustarse ao sinalado no presente informe.
- O órgano competente para a aprobación da presente ordenanza é o Pleno, esixíndose para elo o quórum de maioría simple. Con carácter previo someterase ao ditame da Comisión Informativa correspondente.

Pontevedra, na data da sinatura dixital.

